



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### PADRÓN

*Actualización das ordenanzas municipais reguladoras das taxas pola prestación dos servizos de subministro de auga e conservación de contadores, depuración de augas residuais, e rede de sumidoiros*

**ANUNCIO: ACTUALIZACIÓN DAS ORDENANZAS MUNICIPAIS REGULADORAS DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE SUBMINISTRO DE AUGA E CONSERVACIÓN DE CONTADORES, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS, E REDE DE SUMIDOIROS.**

Faise público, de acordo ao establecido nos artigos 70.2. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réximen local, e 196.1. do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais, que a 4 Modificación das Ordenanzas Fiscais reguladoras da taxa pola rede de sumidoiro, da taxa polo subministro de auga e conservación de contadores e a taxa polo servizo de depuración de augas residuais, aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación Municipal na sesión realizada o 31 de marzo de 2022, quedou aprobada definitivamente ao non terse presentado ningunha reclamación ou suxestión durante o período de exposición ao público do expediente.

Considerando que nas modificacións aprobadas se establece en todas elas que: A cota tributaria deberá aplicárselle os coeficientes anuais de actualización, mantendo con elo o principio de equivalencia.

O 17 de outubro do 2023 presentouse pola concesionaria do Servizo Municipal de Augas, o novo cadro de tarifas para o ano 2024, coas novas tarifas incrementadas as do ano 2023 nun 3,28%, resultado de aplicar a fórmula polinómica que figura no prego de Condicións aprobado no seu día.

O texto íntegro da actualización, que establece unhas novas tarifas nas Ordenanzas, publícase como Anexo e lémbrese que non entrará en vigor ata que transcorra o prazo ao que se refire o artigo 70.2. da Lei 7/1985.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro que se estime pertinente.

#### ANEXO. TEXTOS DAS ACTUALIZACIÓNS.

**Modifícase o artigo 6 da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SUBMINISTRO DE AUGA E CONSERVACIÓN DE CONTADORES, que queda como segue:**

##### ARTIGO 6: COTA TRIBUTARIA

1) Cota por subministro de auga: a cota tributaria en concepto da taxa por subministro de auga potable resulta de aplicar á base imponible o prezo por metro cúbico de consumo de auga, segundo segue:

##### A.- USOS DOMÉSTICOS

1) Por mantemento do servizo

1.1) Mínimo de 10 metros cúbicos/ab.mes.....0,487045 €/ metro cúbico

1.2) Por metro cúbico que exceda do mínimo..... 0,576008 €/ metro cúbico

##### B.- USOS INDUSTRIAIS E OBRAS

1) Por mantemento do servizo

1.1) Mínimo de 10 metros cúbicos/mes.....0,576008 €/metro cúbico

1.2) Por metro cúbico que exceda do mínimo.....0,639889 €/metro cúbico

As acometidas realizadas sen autorización municipal sancionaranse cunha cota de 181,72 euros, sen prexuízo das medidas que se poidan tomar.

- 2) A cota que se esixirá en todo caso pola prestación do servizo será a mínima establecida segundo o tipo de consumo.
- 3) A cota mensual por verificación e conservación de contadores é a seguinte: 0,306 €/ ab.mes.  
O cobro desta tarifa farase conxuntamente coa da auga.
- 4) Pola conservación das acometidas: 0,231 €/ab.mes.
- 5) O solicitar a prestación do servizo e para atender o pago de calquera descuberto ou dano nas instalacións do servizo imputable ó abonado, éste estará obrigado a depositar unha cantidade de 46,18 €. Este depósito devolverase no momento de causar baixa e previo pago de todos os recibos pendentes.
- 6) Pola xestión de cobro ós abonados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación dos recibos pendentes de pago: 4,95 €/unidade.
- 7) Polo desprecintado de contadores para restablecer o subministro despois do corte do mesmo: 23,47 €/unidade.
- 8) Pola conexión á rede de contadores instalados por persoal alleo ó servizo e precintado dos racores:23,47 €/unidade
- 9) Pola comprobación do contador do abonado, a petición do mesmo, e so en caso de funcionamento correcto de contador:23,47 €/unidade.
- 10) En canto ás tarifas para a realización de acometidas de abastecemento serán as seguintes, feito o cálculo en base á acometida normal de 5 metros de lonxitude máxima (1 a 5 metros). As tarifas son diferentes dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na gabia:

DIÁMETRO DA ACOMETIDA	TERRA(A)	ASFALTO(B)	BALDOSA-BEIRARRÚA(C)
¾"	325,29	353,16	426,29
1"	351,33	378,67	450,94
1 ¼"-1 ½"	417,96	474,75	548,83
2"	463,25	547,04	620,13

Ditas tarifas incrementaranse nas acometidas para lonxitudes superiores a 5 metros nas seguintes cantidades:

Acometidas de máis de 5 metros	¾"	1"	1¼"-1½"	2"
(A) Incremento euros por metro	14,57	17,02	24,20	40,76
(B) Incremento euros por metro	31,59	34,50	41,65	57,50
(C) Incremento euros por metro	38,39	40,93	48,49	63,63

11) En canto ás tarifas por instalación do contador:

(diámetro de 13 milímetros) en batería ou similar, a tarifa polo contador instalado será de 98,57 €/unidade.

(diámetro de 20 milímetros) en batería ou similar, a tarifa polo contador instalado será de 125,50 €/unidade.

12) As tarifas dos contadores sin colocación serán as seguintes, atendendo o diámetro dos mesmos:

Diámetro de 13 milímetros :85,68 €/unidade

Diámetro de 15 milímetros: 85,68 €/unidade

Diámetro de 20 milímetros: 117,99 €/unidade

Diámetro de 25 milímetros: 192,16 €/unidade

Diámetro de 30 milímetros: 268,62 €/unidade

Diámetro de 40 milímetros: 416,54 €/unidade

Diámetro de 50 milímetros: 909,78 €/unidade

Diámetro de 65 milímetros: 1.127,87 €/unidade

A cota tributaria deberá aplicárselle os coeficientes anuais de actualización, mantendo con elo o principio de equivalencia.

**Modifícase o artigo 6 da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS, que queda como segue:**

#### ARTIGO 6: COTA TRIBUTARIA

O Importe da taxa en concepto de saneamento e depuración determinarase da seguinte maneira:

1) Cota por saneamento: a cota tributaria en concepto da taxa polo saneamento resulta do seguinte:

a) Polo mantemento do servizo: 20% sobre a facturación total de auga (impostos incluídos).

2) Cota por depuración: a cota tributaria en concepto de taxa por depuración resulta de aplicar á base imponible, o prezo por metro cúbico de consumo de auga do inmovible, segundo sigue:

a) Polo mantemento do servizo...0,192999 €/metro cúbico.

3) Cota por realización de acometidas de saneamento: polas unidades de acometida de auga residual, formada por arqueta de saída, tubería de P.V.C., de diámetro 200/5atm, incluída excavación, recheo, demolición e reposición do firme, no seu caso, así como conexión ó colector existente, para unha lonxitude media de 3 metros, as tarifas serán as seguintes:

GABIA EN TERRA.....441,37 €/unidade

GABIA EN ASFALTO.....491,44 €/unidade

GABIA EN BEIRARRÚA ..... 563,24 €/unidade

A cota tributaria deberá aplicárselle os coeficientes anuais de actualización, mantendo con elo o principio de equivalencia.

**Modifícase o artigo 3 da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DA REDE DE SUMIDOIROS, que queda como segue:**

**ARTIGO 3: COTA TRIBUTARIA**

A taxa virá rexida polo tipo de gravame contido nas seguintes TARIFAS:

a) A cota tributaria correspondente á concesión da licenza ou autorización de acometida á rede de sumidoiro esixírase por unha soa vez e consistirá na cantidade fixa de 32,45 €.

b) A cota tributaria a esixir pola prestación posterior dos servizos da rede de sumidoiro determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada no inmovible.

A tal efecto aplicarase o tipo de gravame do 20% sobre a facturación total da auga, impostos incluídos.

c) En ningún caso poderá tomarse un consumo de auga que sexa inferior ó mínimo facturable polo seu subministro. A cota resultante da consideración deste consumo terá o carácter de mínimo esixible.

d) Si existira un inmovible que non estivese de alta no servizo de auga a domicilio e nembargantes utilizara os servizos da rede de sumidoiro, pagará sempre o mínimo esixible segundo o apartado anterior, ó igual que os situados a unha distancia inferior a 50 metros da rede, con obriga de contribuír aínda que non teña realizada a acometida.

A cota tributaria deberá aplicárselle os coeficientes anuais de actualización, mantendo con elo o principio de equivalencia.

Padrón, 26 de outubro de 2023

O Alcalde,

Asdo. Anxo Rei Arca

2023/8513